A RODAXE DUNHA PELÍCULA

Temos os cartos, o equipos e guión, daquela vamos a comezar a rodaxe.

Mais antes recuperemos unha serie de declaracións realizadas por diversos cineastas e en distintas épocas acerca do feito de facer cinema, as cales pódennos servir de pórtico a esta parte da materia.

Na entrevista que lle fixo **Guillermo Cabrera Infante**, o seu alter ego G. Caín, a Anthony Mann en 1958, publicada en la revista Carteles, el cineasta definía a Ernst Lubitsch como un '*un director que sabía exactamente onde situar la cámara'*. E engadía: "Para un director de cine colocar la cámara es como encontrar la palabra justa un escritor". A hora de filmar a cámara é importante porque temos moitas opcións.

Un cineasta europeo como **Jean-Luc Godard**, que se move en rexistros lingüísticos totalmente distintos aos de Mann, apuntaba: "*El único problema del cine reside en saber por qué y cuándo empezar un plano, y en por qué y cuándo cortarlo*. E, efectivamente, esta é unha das decisións clave coas que o cineasta pode esculpir o tempo (por utilizar o termo doutro cineasta, Andrei Tarkovski), como veremos no seu momento.

Pola súa banda, **Sam Mendes**, nunha entrevista concedida co gallo da estrea en España do seu segundo filme, Camino a la perdición (Road to Perdition, 2002), declaraba: *Creo que la clave de la cinematografía es encontrar formas con las que la cámara puede expresar a los personajes*. *Todo pasa por decidir cuándo es una toma objetiva y cuándo subjetiva*".

Outra achega, neste caso a cargo do cineasta **Philippe Garrel**: *Hacer una película es algo muy gestual, muy parecido a la pintura o a la escultura. Hay que llevar la realidad a un plano muy material y construir la película desde esa idea, al contrario que la literatura, que es algo más abstracto. Un buen director no se caracteriza solo por su capacidad de dirigir a los actores, sino también por su sentido de adaptación material, por su sentido práctico*.

Para rematar con este preámbulo, a seguinte reflexión do cineasta español **Alex de la Iglesia**: *Cuando trabajo, mi gran problema es resitir la torva mirada de Jorge Guerricaechevarría* [o seu coguionista habitual] *preguntándome qué he hecho con nuestro guión. Y normalmente le respondo que tampoco soy la persona con la que ha trabajado. Soy un guionista como él, pero una vez que comienzas a dirigir te conviertes en alguien completamente distinto. La gente piensa que hacer cine es tener una idea y llevarla a la pantalla. Pero, en realidad, hacer cine es tener una idea y encontrarte con una cantidad tan brutal de problemas que hacen imposible llevarla a la pantalla.* Por ejemplo, tienes algo claro en el papel y te dicen que no se puede hacer porque no hay

dinero y te ofrecen otra cosa que te cambia por completo la geografía de la secuencia. Y tienes que conseguir que encaje y que además te guste. Ese es el momento en que empiezas de verdad a dirigir".

Chega o momento de empezar a utilizar a gramática do cinema especifica coa que imos construír cada plano cada escena e cada secuencia. Imos a reparar en todos estes elementos lingüísticos.

O PLANO

Empezaremos co plano, que constitúe a unidade cinematográfica de partida a unidade mínima de partida. Está formado por unha serie de fotogramas consecutivos cunha unidade temporal. É un punto de vista, unha visón espazo temporal.

Un plano é un fragmento de filmación ininterrompida. Iso que sucede desde que poñemos a filmar a cámara ata que paramos é un plano.

Como xa comprenderemos a duración dun plano é moi variada. A día de hoxe coa tecnoloxía dixital pode variar. Todo plano que supere unha duración determinada que equivale como un parágrafo de novela e o que se chama **plano secuencia**. Ata que chega o soporte dixital a mediados dos 90 primeira década do XXI o máximo planos secuencia era de 10- 12 minutos porque era o que nos duraba o rollo da cámara. A día de hoxe podemos facer unha película enteira en plano secuencia a única limitación agora é o que dura a batería da cámara.

Durante as rodaxes falase mais propiamente de toma, cando se refiren a un plano.

Un plano ten unha serie de características que o definen así como unha serie de particularidades que serven para completar a súa tesitura. O director na rodaxe de cada plano terá que elixir para a súa construción entre **catro características principais.**

A primeira o seu **encadramento**, logo a **angulación**, o **movemento** e a **iluminación**. Vamos a ter toda unha serei de opcións de encadramento, iluminación...

ENCADRAMENTO

Este é o espazo transversal que abrangue o visor de cámara e que logo reproducirá a pantalla. Temos o visor, todo este espazo transversal é o encadramento.

Volvemos as cuestións visuais que traballan sobre o punto de fuga que parte dese espazo transversal. Temos un espazo lonxitudinal e iso é o que chamamos **o campo.** De

aí podemos falar dunha maior ou menor profundidade de campo nun plano cinematográfico.

A profundidade de campo é a estratexia de dicir que parte do encadre hai que enfocar. Podemos definila como a mediación da area de encadre na que os obxectos están enfocados.

Unha toma con **pouca profundidade** de campo ten moi **pouca area enfocada**. Canto maior sexa a profundidade de campo máis ampla é a area enfocada (canto maior sexa a apertura do diafragma máis se reducirá a profundidade de campo). A máis apertura do diafragma (valor f pequeno) menor é a profundidade de campo ou a zona enfocada da imaxe, a menor apertura do diafragma (valor f alto) maior é a profundidade de campo. A profundidade de campo añade dramatismo a escena.

Podemos ter como neste caso unha **pela profundidade de campo** enfiados desde o primeiro ata o último termo do plano que se filma dese plano xeral, ese baile no que se quere ver a todos os asistentes a bailar. Unha plena profundidade de campo isto se modela co tipo de lentes e apertura de diafragmas.

Podemos ter por exemplo **unha profundidade media** os primeiros termos perfectamente enfocados e o fondo lixeiramente enfocado. Nesta película "*Cayo largo"* de John Huston, o seu clima inflúe no que pasa, neste caso temos unha secuencia que ocorre no bar e John quere que atendamos o que se está a falar de maneira que encadra os personaxes e vemos ese fondo que sigue aí pero que xa coñecemos de sobra, quere dirixir a nosa vista aos personaxes.

Mesmo tamén podemos ter **unha profundidade de campo nula** vémolo na película de *"El Padrino"*. Estamos nunha escena na que unha das netas esta de comuñón hai unha gran recepción... Están estes dous personaxes a falar de negocios disimulando polo que só atendemos a esa conversación importante que están a facer co cal a nosa ollada se focaliza nestes dous.r7975tfre2 isto tamén crea efectos clásicos impresionantes a nivel escénico non recordemos o da visión fotográfica a modulación que hai sobre a realidade e continua.

Entón temos encadramento ou campo cunha maior profundidade e o oposto o campo é o **contracampo** ese lugar que está o contrario. Ese fora de campo é todo aquilo que está fora do plano que como acabamos de comprobar que os personaxes ven. Ese fora de campo é tan activo como o campo porque está a interactuar con el continuamente entre sí a nivel visual e sonoro. Ese fora de campo non o vemos pero sabemos como é. Porque ao mellor está nese momento outro personaxe e tamén depende dos xéneros a vítima ou o prota que fuxe do psicópata para ese fora de campo no que está o perseguidor entón vemos que está interactuando ese fora de campo co acampo.

O plano en cinema ten diversos compoñentes que o estruturan.

A partir de aquí segundo sexan o encadramento e o campo, a distancia que se establece entre o visor da cámara e o que se filma defínense **unha serie de planos**. Temos así unha **escala do encadramento (tamén chamada planificación).**

Esta escala hai teóricos que falan dunha serie de planos abertos, pechados que vai este desde o máis amplo ao mais pequeno.

O GRAN PLANO XERAL

Este é un plano mais amplo posible que ensina o espazo total no que se desenvolve a acción normalmente de exteriores. Ten unha función descritiva, de referencia global ou de situación xeográfica, ben que tamén pode ser simbólicaas.

Por exemplo o westerns e monument valley estamos nun universos narrativo xeográfico de john ford o noventa por cento dos westerns que rodou en monument valley a zona apache. Vemos este gran plano monument valley e sabemos que estamos en john ford e un universo narrativo emocional en manhattan de Woody Allen.

Como dixemos cumpre unha función descritiva e serve tanto para engadir valor dramático como para reforzar a soidade do individuo. O importante é o contexto. Mostra un gran escenario ou multitude. O personaxe pode non estar ou quedar difuminado e lexano no entorno ou irrecoñecible.

PLANO XERAL

Tamén de situación pero o personaxe xa é o protagonista. Permite apreciar características do personaxe como estatura, volumen... É un plano que permite a convivencia de varios personaxes en ocasións como neste caso se tarta de captar os personaxes movemento estatura os bailes, a estética se tarta de que se movan ao mesmo tempo que desarrollen a coreografía. Podemos ter:

Un plano enteiro: un só personaxe de corpo enteiro. Dáselle un certo "aire" á figura, deixando ver un pouco do espñazo que a rodea.

Un plano de conxunto: no que conviven varios personaxes. Pode ser máis ou menos próximo e nel evolucionan. Serve para desenvolver situacións de grupo.

Como vemos en ambos casos sempre se deixa un pouco de aire ao redor da figura se nos deixa ver a contorna na que se desenvolve a acción.

Se emprega para situar unha acción ou comezar unha escena. Para percibir un conxunto de personaxes e a relación entre eles. É o que encadra e ensina a figura humana, ao personaxe, o obxecto que pode ser un só personaxe ou varios personaxes.

Pero normalmente **o plano no cine está xerarquizado**, construído de tal forma que haxa un personaxe que focaliza a nosa ollada non ten porque ser o protagonista da peli pero si dese plano concreto. Se conxelamos os planos dese cine clásico tan transparente tan fluído nos decátanmos da sofisticada posta en escena que hai detrás a xeometría coa que están compostos, pirámides invertidas, liñas de fuga, pirámides non invertidas... todo o mundo sabe moi ben onde situarse no plano. Aquí todo o mundo ten que ter coidado como se sitúan como é a súa linguaxe téxtil para que non se traben.

*Neste plano xeral de conxunto de la noiva de franquestein. O personaxe dominante neste pano é a noiva de franquestein todas as liñas converxen nela todas as miradas van a ela están resaltadas. Está claro que o personaxe focaliza a cal se nos dirixe a mirada como neste caso. As composicións son variables ao mesmo que as pirámides.

PLANO AMERICANO

O plano americano ou en tres cuartos. Este plano mostra os personaxes cortados máis ou menos a altura dos xeonllos, despois pode ser un pouco mais arriba como é no caso de "El calor de la noche" ou un pouco por baixo porque xogamos sempre con isto. Un plano que é moi interesante por iso se emprega tanto é un plano que nos achega moito máis aos personaxes focalízanos a ollada neles permite ver a expresión do rostro, pero ao mesmo tempo nos permite ver o espazo no que se desenvolve aquí temos unha de profundidade de campo media. Vemos o fondo pero non tan marcado. As combinacións son infinitas varios, un personaxe... é unha composición que se adoita utilizar cando os personaxes evolucionan por un espazo delimitado.

PLANO MEDIO

Este é de dous tipo un plano **medio longo,** que o corta a altura da súa cintura e un **medio curto** que corta a altura do peito. Situación de diálogo. Vemos completamente a expresión do personaxe. É o plano da conversa pois nos permite apreciar a xestualidade do rostro e das mans.

Nos planos deste tipo como vemos unha cousa faise evidente a medida que e aquí comezaría a gama de planos pechados. É máis comprometido xa para o intérprete, que ten que "saber estar" no encadramento, e controlar os xestos dos seus brazos e mans en función da escena que interpreta. A cámara máis achegada a el nun plano no que están concibidos, o interprete xa ten que controlar moi ben as expresións, a súa textualidade...

É un plano que curiosamente aínda permite a convivencia de varios personaxes dentro del como neste caso de *"Obxectivo virmania"* ata 5 persoas. Volvemos ao de sempre xa sabemos quen é o protagonista tal e como está composto. Isto é imaxe fixa pero hai que ter en conta cando esta en movemento. Grados complexos de compoñer de labrar.

PRIMEIRO PLANO-CLOSE UP

É aquel que colle o rostro ou a cabeza humana ou obxecto na súa totalidade ocupando todo. Achéganos ao rostro para transmitir as súas emocións e sentimentos. Permítenos intuír como se sente, é o que se chama tamén na xerga cinematográfica **un close up**. Evidentemente é un plano impáctante dependendo ademais do momento no que apareza pode ser a primeira vez que visualizamos o monstro ou a primeira vez que aparece o malo.

Temos unha variante que sería o **plano de busto, busto escultórico** por riba do peito.

PLANO DETALLE - PRIMERÍSIMO PRIMER PLANO

O plano detalle ou primeirismo primer plano. Nos guiónS por exemplo adoita aparecer ppp, sería tamén un **close up extremo.** Mostra un pequeno fragmento do rostro o corpo do personaxe ou de un obxecto para destacar un detalle. coa fin de reforzar unha intencionalidade dramática ou de amosar algo que é esencial para a narración, entre outras posibilidades. O seu visionado adoita ter un efecto percutante sobre os espectador, ao chamar poderosamente a atención sobre o fragmento visualizado.

Vamos ver como dentro da secuencia na que se insiren escollemos dous dos planos detalle mais famosos da historia do cine e ambos teñen un elemento común que é o ollo. Aquel órgano único que vemos no cine. Son dous exemplos que corresponden a épocas e cinematografías moi diferentes.

O primeiro está cerca de cumprir os cen anos. É do 1928. O plano detalle é moi percútante visualmente que chama a atención a unha parte do rostro a un obxecto que teña unha aparente importancia na trama etc. Vamos ver o primeiro deles.

O primeiro pertence a un filme fundacional do surrealismo cinematográfico que se titula “Un perro andaluz” dirixido por buñuel e axudado pro dalí. Imos ver unha versión sonorizada de 1960 non hai diálogos pero si que se lle mete musica é aquel que escoitamos que deseñou buñuel. Se resalta a traballar sobre una escala de encadramento bastante percútante planos medios, americano, pasase ao contracampo e plano xeral, plano medio, plano contraplano obxectivo e subxectivo. Un século despois, somos surrealistas vamos rachar coa mirada convencional e vamos propoñer outro tipo de literatura sobre o real é un plano que tivo un grande impacto na pantalla de cine. Este corte do ollo é a partir de aí se pecha.

Isto é unha mediametraxe logo faría a gran metraxe “La edad de oro” xa sen Dalí.

O outro plano ano 60 cine americano Psicosis onde Hitchcock nos vai a construír un detalle de ollo que sexa o mais citado e homenaxeado da historia do cine é un plano metalingüístico que tamén nos fala do propio dispositivo cinematográfico.

Nos fala nesas letras, entra co elemento da persiana e nos fala desas letras fracturadas. Penetra a cámara nesa infinidade. Vemos como compón ese primeiro plano deitada sobre unha cámara. Un plano xeral contra picado no que hai unha serie de barrotes que nos dan a entrever o que lle vai a pasar. Un dos pintores que mais inflúe no cinema é a vez que inflúen nel e David Hooker.

Os dous son planos detalle nos que un elemento común é o ollo. No comezo de psicoses nos interpelaba como miróns esa identidade de parella, o visionado da actriz co cabeceiro da cama, a pasaxe seca e húmida que vai a parar nun hotel de norman bates. Cando a nosa protagonista chega a ese motel entabla unha conversación co protagonista. Hitcook vai seguir enchendo de pistas, de símbolos os seus planos. Este salón que está ateigado de paxaros disecados, a Norman relacionao coas curuxas como observadores miróns e a Marion vamos a vela asociada a corvos de mal augurio. Para a maiores cal é a seguinte película que vai filmar hitcook a dos paxaros. Teñamos logo este cadro asociado ao que vai a pasar para espiar a Marion.

Todo o atrezo hitcokiano está deseñado, pensado e crea unha rede, todo nos vaia a achegar a ese plano. Pouco a pouco fomos vendo como a angulación vai cambiando. A conversa se vai tornando turbia empezamos a ver que este personaxe non é o que parece. Hai un momento no que cambia a angulación é un cambio funcional ao pasar a un plano subxectivo en picado e contrapicado.

Isto é interesante porque vamos ter primeiro un plano detalle simplemente descritivo. Este personaxe no cine vai ficar sempre con medio rostro de sombra e outro de luz facendo alusión ao seu carácter bipolar. Este plano con nome falso e simplemente descritivo que vai ser moi diferente a do seguinte plano detalle. Insisto na iluminación. Escoita que ela entra na habitación e agora se vai a ver un primeiro plano contraplano da muller esa mirada desexante que xa temos comentado.

Cando comeza a rodar esta peza se decatan de que hai potencia para desenvolver esta como longametraxe. Desenvolve ese experimento esa ollada interesante. A ese primeiro plano e contraplano vaille seguir este famosísimo plano detalle, mais repetido plaxiado da historia. E moi interesante porque esta a reproducir textualmente o que é o mecanismo do dispositivo cinematográfico tradicional. O cinema é unha pantalla sobre a que se proxecta a imaxe que sae dunha fonte de luz onde está o proxector que se estaba ver con esa fonte de luz a pantalla entón é un plano moi rico.

Esta outra secuencia na que hitcook leva ata o limite as posibilidades de representación como polos códigos o denudo era impensable usa a cámara como coitelo, esta secuencia

lle axuda a deseñar o seu amigo Saul Bass. Esta secuencia que marca o paso do cine clásico ao posclásico. Hai unha autocita textual por parte de saul bas de hitcook aquel espiral que xa coñecíamos de vertixe e ese ollo inerte que vai contrastar, con outro plano detalle final.

Complementariamente a esta clasificación derivada da escala do encadramento, teríamos outro tipo de planos:

OVER DE SHOULDER

Este é un plano de **carácter subxectivo**. É un dos máis habituais do cine, pasou a outros ámbitos audiovisuais. É o tipo de encadramento que nso sitúa no punto de vista dun dos personaxes, no cal vemos o ombro dun personaxe e o que este ve de fronte. Trátase dun plano moi utilizado en todas as épocas cinematográficas e que mesmo pasou ao eido dos videoxogos.

O OTS pode ser sucio ou limpo, segundo canto saia no encadramento o ombro do personaxe. Normalmente, utilízase para conversas ou para ver o que o personaxe está a facer sen perder de vista que el esta aí (plano de carácter subxectivizante).

PLANO BALEIRO E PILLOW SHOT

Logo teríamos o **plano baleiro**. Este é no que non temos uns personaxes é inmóbil (ou case inmóbil), estiveron alí saíron do campo que é o mais habitual.

Pode ser a inversa tamén podemos ter un no que irrompan os personaxes. Este é un plano onde en occidente importou sobre todo o cinema oriental. Entre os cineastas a técnica cinematográfica se coñece como **pillow shot planos almofados**.

Que lle servía como descanso como almofada entre unha secuencia e outra. En lugar de cortar aquí se desenvolverá unha acción, a cara está moi baixa que nos conta historias da xente. Vai capturando o aire este tipo de planos que el validaba dos personaxes nos deixaba pensando sobre o que aquí acontecera e o que se chamaba os pillow shots non so un tipo de plano baleiro.

TRUNK SHOT – PLANO MALETEIRO

Outro tipo de plano secuencia e o plano maleteiro, trunk shot. Ten variantes os planos de conxelador. En pull fiction, en malditos bastardos.

PLANO SECUENCIA

É o que se roda en continuidade espazo-temporal, é dicir, sen interrupcións, sen cortes entre as imaxes, recollendo unha enteira secuencia sen saltos nin empalmes. Corresponde, pois, a unha acción contínua relativamente longa ou densa polo seu

contido visual. Daquela, o tempo "real" coincide co tempo "cinematográfico" (ou, doutro xeito, a temporalidade profílmica coincide coa diexética), en contraposición coa montaxe (o desglose secuencial do modelo narrativo clásico), que racha esa igualdade.

É por isto polo que se fala do plano secuencia como un plano sen montaxe ou —máis atinadamente— que se "monta" mentres se filma, ao seleccionárense todo tipo de encadramentos a través do visor e mediante movementos de cámara axeitados á narración.

De aí que algúns cineastas e teóricos o consideren máis "natural" que a fragmentación orixinada no desglose clásico. De feito, nos últimos tempos atopamos exemplos de cineastas coñecidos pola complexa estrutura de montaxe dos seus filmes que, nas súas últimas obras, están a investigar a fondo as posibilidades do plano secuencia; é o caso do mexicano Alejandro González Iñarritu, director de películas como Amores perros, 21 gramos ou Babel, caracterizadas pola súa estrutura de puzzle narrativo, quen no Festival de Venecia de 2014 presentaba Birdman (que logo gañaría os catro Oscars máis importantes daquel ano), un filme construído a partir dun aparentemente único plano secuencia (respectuoso no espacial pero non no temporal, ou sexa, un falso plano secuencia, do mesmo xeito que vén de facer Sam Mendes en 1917). Loxicamente, na rolda de prensa preguntouselle acerca dese cambio:

¿Es el plano secuencia el más natural o el más artificial?

Toda mi vida pensé que era el más artificial y hace poco descubrí todo lo contrario. Cuando nos despertamos, abrimos los ojos, nos levantamos y vivimos un plano secuencia diario. El montaje sólo existe para relatar una historia, no para vivir. Por eso me gusta esta película, porque se parece más a nuestra experiencia que cualquier otra. Estamos atrapados en un plano secuencia, no podemos escaparnos.

En calquera caso, xa dentro do cinema estadounidense clásico e post-clásico houbera cineastas singulares que experimentaran de xeito radical coas posibilidades deste tipo de plano. Salientemos dous casos sobranceiros: O de Alfred Hitchcock con La soga (Rope, 1948), película de vontade experimental coa que o cineasta construíu un falso plano secuencia (en realidade, un encadeado de 10 planos secuencia que oscilan entre os 7 e 10 minutos) cuxos cortes non son apreciables polo público.

O de Orson Welles co plano secuencia inicial de Sed de mal (Touch of Evil, 1958), verdadeiro referente (citado, lembrade, noutro extenso plano secuencia que xa vimos, o que abría El juego de Hollywood [The Player], de Robert Altman, cando abordamos o asunto do estatuto do guionista) verbo das posibilidades deste recurso para todo o cinema posterior: < https://www.youtube.com/ watch?v=JaJmdtGJ3vg > Welles (que tardou 15 días en rodalo) escribiu un dossier á produtora (Universal Studios) pregando que se eliminasen do plano os títulos de crédito que "ensuciaban" a secuencia (e que os

produtores colocaran no proceso de postprodución aproveitando unha das viaxes do director → repetíase a historia doutro filme seu anterior, El cuarto mandamiento/The Magnificent Amberson: tamén agora curtáronse 15 minutos de película). Nese dossier, Welles suxería colocar os títulos ao remate do filme.

Anos despois editaríase unha copia en DVD que respecta esas indicacións e a metraxe orixinal dun filme cuxa abigarrada construción narrativa (fronte á liñeal que era habitual), deseño de personaxes e ambigüedade moral, desconcertaran aos produtores. Tratouse dun filme adiantado ao seu tempo, que habería influír moito no thriller moderno, pero que daquela non foi ben recibido/entendido nin polo público nin pola crítica en Cahiers du → Cinéma tachouse ao filme de "fascista"; mentres que na antiga URSS foi visto como unha crónica fílmica da decadencia de occidente e o seu sistema capitalista.

Na actualidade, a introdución do soporte dixital (unha transición que comezou nos anos 90 do século pasado) comportou unhas posibilidades inéditas para emprego do plano secuencia. Ata ese momento, o máximo que permitían as bobinas de celuloide que se cargaban na cámara eran 10-11 minutos de rodaxe ininterrompida (de aí o que comentabamos máis arriba do filme La soga). Coas cámaras dixitais, a única limitación é a duración da súa batería.

Un primeiro exemplo sobranceiro destas novas posibilidades foi o que desenvolveu o cineasta ruso Aleksandr Sokurov en El arca rusa (Russkiy kovcheg, 2002), filme que, grazas á moderna tecnoloxía dixital, puido rodarse nunha soa toma de 95 minutos.

Mais non se trata soamente dun exemplo de excelencia técnica, senón tamén artística: atravesando as salas do Museo do Hermitage de San Petersburgo (o antigo pazo de inverno dos tsares) atravesa tamén trecentos anos da tormentosa historia de Rusia. Posteriormente irán aparecendo outros exemplos de películas rodadas nun único plano, caso da española Hablar (Joaquín Oristell, 2015).

Con isto damos por rematada a escala de encadramento o este planos a maiores hai outro tipo de plano especial pero este non ten tanto que ver coa escala.

A ANGULACIÓN

A angulación fai referencia a cando se sitúa ese plano a altura dunha persoa media de forma que o ángulo que toma o iso do obxecto en relación ao suxeito fílmico.

ÁNGULO NEUTRO

O primeiro seria o ángulo neutro un que non percibimos como tal ángulo respecto o seu nexo a cámara está en 90 grados ou paralelo ao chan. Hai pequenas angulacións que non percibimos como tales. Un ángulo neutro é aquel que non percibimos como neutro.

Hai quen lle chama normal (pero non é unha forma correcta de chamarlle xa que todos os planos son normales).

Con planos deste tipo a cámara mais ou menos a altura dos ollos dos personaxes, non queremos enfatizar.

ÁNGULO INCLINADO

Logo teríamos o plano inclinado que é aquel no que a cámara o seu eixo varía a dereita ou á esquerda da vertical (normalmente en 45 grados).

Adoita empregarse para varias cousas un sentido estético en interiores ou exteriores por motivos de encadramento. Ou ben en outras ocasións para acentuar o dramatismo a dor ou perigo dunha situación sobre todo en certo tipo de xentes. Tamén se lle chama plano holandés ou aberrante así se nomea en fotografía.

ÁNGULO PICADO

É aquel no que a cámara se sitúa por riba do referente, máis ou menos dependerá de canto o inclinemos e sobre todo de que escala usemos.

Aquí temos un plano picado a **función moitas veces é descritiva** sobre todo se o combinamos cun gran plano xeral, xa estamos a falar de escala e angulación. Cando queremos describir un gran espazo se o picamos abrangamos unha maior cantidade de espazo, se reforza mutuamente na súa función descritiva o gran plano xeral e o picado esta combinación é moi habitual en planos con grandes masas...

Tamén ten unha **función dramática** que é a que ten que ver coas situacións onde se minimiza o personaxe o pon nunha situación de inferioridade, este tipo de función ou cando ao un personaxe dominante e un dominado. O xefe en contrapicado e o empleado en. Serve para todo tipo de xéneros.

O que falabamos do gran plano xeral o que dicíamos do monument vallei, o gran plano xeral combinado co picado pode ter certas connotacións que van máis ala do descritivo este plano e o de unha gran cineasta que e leni referenstahi el triunfo de la vontade. Cos grande actos de masas do nazismo. Este plano e en movemento, se vai facendo mais picado. Sempre e un plano no rexistro dramático traballa sobre unha **posición de inferioridade de submisión** o contrario ao contrapicado.

ÁNGULO CENITAL

Cando levamos este plano picado ata o seu extremo. O extremo é poñerse en vertical.

O plano cenital ten tamén dúas funcións, lembramos cando víamos o plano de personaxe preocupado reprimido que non pode durmir, **expresa un pouco as virtudes**

dramáticas do picado. Pero tamén ten **unha función estética**, un plano que se emprega no musical polo efecto calidoscopio que se emprega nel. Esas flores que se despregan... vai ser moi usado polo cine musical e logo vai pasar o cine publicitario o vídeo clip. Resalta a pequenez do personaxe.

Destacamos que o **travelling cenital** se converteu nun clásico non hai peli ou serie de televisión que non teña isto (plano de dron que persigue ao coche). Promover a parte descritiva mais tamén darlle narracións nas que a paisaxe o contorno ou lugar ten moita importancia se marca tamén iso. Levamos ata o extremo as funcións descriptivas.

- **VISTA DE PAXARO**

Cando acentuamos moito o picado falamos dunha vista de paxaro. Tradicionalmente se facía de dúas maneiras ou como vemos nesta escena cando as caravanas chegaban ao territorio se tira dunha enorme grúa outras veces se tira de helicópteros globos avionetas todo tipo de vehículos aéreos. Sitúase entre o cenital e o picado.

Pódeos extremar en certa medida estes planos cando tiramos dun gran plano xeral picado e o facemos a moita altura.

ÁNGULO CONTRAPICADO

Situase aquí por debaixo do referente e como vemos unha angulación de carácter enfático que **serve para enxalzar, para engrandecer, para facer mais poderoso ameazante un personaxe ou unha secuencia.** É un plano tamén que nos crea uns efectos semellantes o do picado pero a inversa. Subliña unha situación de prepotencia, ameaza ou triunfal. Pode ter tamén unha función estética, compositiva, como filmar coreografías.

Permitenos compoñer un plano moi interesante deixando espazo detrás, permite tirar moito de angulacións logo é útil para os musicais como en West Side Story. Tamén magnificando situacións cando se atopan dúas liñas férreas de estados unidos. Efectos contrarios aos do picado.

- **VISTA DE VERME**

Pola contra o contrapicado cando o acusamos moito o oposto da vista de paxaro temos o gusano. E aquel que vemos polo baixo do nivel do chan. Pode parecer moi frecuente unha carreira ou unha persecución a cabalo. Entre o nadir e contrapicado atópase o gusano.

ÁNGULO NADIR

Se levamos o contrapicado ao extremo teríamos o plano nadir. Sería o oposto ao cenital co que moitas veces “rima”, sucedéndose un ao outro.

EXEMPLOS

A película del gran **Lebowski**, en escena un dos personaxes máis carismáticos do cine das ultimas décadas. Ten unha serie de fantasías sexuais cos bolsos e nesa vocación evócase a música dos anos 40 tirando da linguaxe do cine musical e angulacións enfáticas e xogo con planos cenitais.

Xogan nos créditos iniciais con estes elementos sexuais e os bolos. Se combina un gran plano xeral cun picado. Un gran contrapicado se esta a facer unha panorámica vertical ascendente tanto descendente. Volvemos ao contrapicado das escaleiras tira ben moito de anulacións moi extremas, cunha vista de paxaro. Ese efectos de son con eses planos.

Noutro filme posterior bastante posterior e un filme no que tamén desde unha perspectiva bastante lúdica reparan no hollywood dos 50, está ambientado nun estudio están rodando un western e hai un momento no que vemos a rodaxe dun xénero musical que vemos moito na década seguinte que eran os musicais acuáticos. Están rodando na auga. O uso do cenital sistematicamente para crear eses xogos verticais. Ou o de "El cuento de la criada" e moi diferente a esta significación que acabamos de ver. Reflicte esas violacións que se facían antigamente.

Quédanos un exemplo de plano nadir o oposto, vai co cenital cando de personaxe falamos. E o caso deste da película drácula. Hai unha forma de entendelo como a encarnación do mal puro, da escuridade do maligno da expansión da peste esta era a versión pola que optaron os expresionistas. Logo hai outra versión que esta pegada de outro tipo de confrontacións socio sexuais que estaba mais na novel orixinal hai toda unha serie de confrontacións que toma a adaptación clásica convertendo a este drácula nun nobre transilvano que chega a londres. Acentúan os elementos eróticos do mito. No medio da Inglaterra vitoriana no que non a morte, pero si vemos o sexo e o tabú absoluto entre as clases burguesas. Vai dar unha reviravolta se convirte nun mito romántico procura ser a reencarnación de esa amada en vida. Estamos fronte unha linguaxe que chamamos neobarroca un certo tipo de filmes que a partir dos anos 90 eran neobarrocos baseados nunha angulosidade moi inmensas creativas pero tamén moi enfáticas.

Un plano nadir, cun plano picado moi acusado quen nos mostra a capela. Unha imaxe que nos remite a Xesús iconograficamente unha imaxe crítica a un proceso de metamorfose, isto vai ser moi común no cine. Reaproveita sistematicamente iconografía que están no colectivo o cinema vai estar ateigado de crucifixións. O hiperreralismo visual que envolve todo o filme. Un ultimo detalle para rematar. O que se traballa aquí é a maldición da inmortalidade. Ese plano nadir final con ese movemento de cámara que se acorta e se alonga.

Resumo das angulacións de cámara: para rematar con este apartado da escala do encadramento e das angulacións, un par de consideracións xerais:

1. Todas estes planos e angulacións poden ser tomados desde o punto de vista da cámara **(planos obxectivos)** ou ben desde o punto de vista do referente/personaxe **(planos subxectivos)**.
2. Sempre se utilizan combinacións entre os tipos de encadramento e de angulación, reforzándose mutuamente no seu **sentido descritivo** (por exemplo, un gran plano xeral picado) **ou dramático** (por exemplo, un plano enteiro en contrapicado).

O MOVEMENTO

A relación da cámara co espazo é de gran importancia no plano narrativo, case podemos dicir que o cinema comezou a desenvolver boa parte das súas facultades narrativas no momento no que comezou a mobilizar a cámara.

Ata que se detecta a primeira cámara en movemento, pasa case un ano e de pronto e cando os operadores descobren que da un efecto moi interesante. É o que se chama no cinema primitivo os panoramas. Imos ver o presunto primeiro panorama.

A primeira vez que unha cámara se move. Nos repara no primeiro panorama da historia. Un travelling lateral. Un deses operadores Lumiere foi tamén quen filmou unha desas vistas en España, moitos outros comezaron despois disto a montar as cámaras en todo tipo de filmes. A cámara en realidade non se move móvese onde se atopa. Para que comecen a montar as cámaras aínda teremos que agardar. Esta peza está filmada en **1896** teremos que agardar ata o **1914** que ten lugar nun filme chamado Cabiria dun cineasta italiano chamado Giovanni Pastrone.

Era unha desas películas nos anos dez en Italia había grandes estudos e se desenvolve un elemento cinematográfico chamado colosalismo, películas ambientadas na antigüidade clásica, grandes decorados para Cabiria, se fichou ao gran mago daquel momento dos efectos especiais. Aquí ten lugar ese primeiro movemento. Fai unha mobilización. Dito o cal imos entón a introducir un asunto.

O movemento que posúe o plano (no caso de posuílo: o plano fixo tamén é unha opción de non-movemento) **pódese realizar mediante tres medios:**

- Os movementos e desprazamentos da cámara.
- A manipulación dos obxectivos cando facemos movementos ópticos.
- A combinación de ambas as anteriores posibilidades.

1)Os movementos de cámara poden ser de dous tipos principais:

PANORÁMICA: realízase mediante o movemento de rotación da cámara sobre o seu eixe (ou o que é o mesmo sobre o seu punto de sustentación), sen desprazarse de ningún lugar. Segundo como se realice podemos ter distintos tipos de panorámicas:

- **Horizontal:** cando movemos e rotamos horizontalmente. a cámara se esa rotación acaba abranguendo os 360 grados ou case chamámoslle paneo. Nas rodaxes.
- **Vertical:** esta pode ser ascendente ou descendente. Cando se fai ascendente fálase de tilt up (contrapicado) e cando se fai descendente facemos un tilt down (picado).
- **Circular:** se esa rotación abrangue os 360 grados recibe o nome tamén de **paneo.**
- **Oblicua (de cabeceo):** é un plano inclinado cando inclinamos a cámara a dereita ou á esquerda do seu eixe. En diagonal.

Tamén hai un tipo de panorámica moi concreto que ten que ver coa súa velocidade falamos dun **barrido**. Isto sucede porque se nos barre a imaxe, pode usarse para varias cousas como para resituar un punto de vista sobre unha acción como enlace.

TRAVELLING: cando a cámara realiza un movemento de translación, ben sobre raís ben sobre calquera outra base de apoio (incluído corpo do operador).

- **Travelling frontal**: de cara ao personaxe ou obxecto. Temos travelling de achegamento ou de alonxamento. Este último desenvolvendo unha maior ou menor profundidade de avance ou retroceso.
- **Travelling lateral:** de seguemento, aquel no que nos desprazamos en paralelo ou seguimos en paralelo a acción que describe de dous personaxes, van camiñando e nos vamos con eles.
- **Travelling circular:** aquel que se desenvolve arredor da escena que se amosa nese momento.
- **Travelling vertical:** pode ser ascendente ou descendente. Montamos a cámara nunha grúa e o brazo do guindastre estamos facendo un travelling vertical que pode ser ascendente ou descendente.

Algúns teóricos falan tamén do travelling diverxente, que sería aquel travelling que se alonxa do centro neurálxico da acción unha vez que esta remata

Obviamente xa vemos como se poden <u>combinar travelling e panorámicas.</u>

Os elementos e ferramentas para facer tradicionalmente unha combinación de travelling e panorámicas, foron **os railes** se montaban e sobre eles ía unha plataforma na que ía a cámara; tamén **o propio operador** ou operadora cando poñemos a cámara ao ombro; **os guindastres** hai dous tipos, as de exteriores e as de estudio de dimensións máis reducidas que se adoitan empregar en interiores que son as chamadas **<u>dolly</u>** (como

xa supoñemos nun guindastre podemos combinar a cámara vai montada sobre a grúa podemos facer un travelling vertical e ao mesmo tempo o operador facer unha panorámica horizontal).

Co tempo se desenvolven medios onde hoxe nos resultan impensables como e a **Steadicam**. Permite unha total liberdade de movementos. A cámara non oscila e resulta un recurso máis manexable e barato que o travelling tradicional. Consiste nunha moderna cámara nos seus accesorios, está suxeita ao corpo do operador ou neste caso operadora por un arnés que se lle chama o chaleco ou o body leva incorporado unha serie de amortecedores, de calibradores... Esta inventase para poder movernos en calquera dirección o limite de movemento é o do operador ou operadora a imaxe é sempre absolutamente estable.

Moitos cineastas ao longo do tempo sobre todo para aqueles nos que o movemento da cámara era unha parte importante na súa escrita levaban moito tempo intentando deseñar artiluxios para poder desprazar a cámara en longos travellings pero sen que vibrase e isto non chega ata 1976 cando un enxeñeiro inventa a Steadicam.

A primeira vez que se emprega nunha película esta titulábase "*Esta tierra es mi tierra*", logo tamén houbo algunhas pequenas tomas de Steadicam noutra película que se titulou "*The maraton man*", pero normalmente cando salta a fama e se normaliza o seu uso é en "*El resplandor*" na que o mesmo Gared Brown fixo de operador da Steadicam seguindo ao neno polo hotel. A Steadicam é fundamental no plano secuencia esta que vemos é aínda con cámara de celuloide.

En el arca rusa se filmou enteira aproveitando as novas cámaras dixitais nun so plano secuencia e aínda así se tirou dunha cámara dixital que pesa moito menos. Tense novas variantes como é esta a **snorricam** que como vemos é unha cámara na que o actor esta enganchado a un arnés moito máis lixeiro. Hai varios tamaños nas que o actor ou actriz se toma a el mesmo o plano, de maneira que se crean planos moi intensos moi vertixinosos sobre o propio personaxe.

2)Como dixemos temos diferentes movementos con respecto a cámara. Agora imos falar dos que se realizaban coa **manipulación dos obxectivos**:

Isto é o que se chama un **travelling óptico ou un zoom,** de feito se chama un **zoom in** (de achegamento) e **zoom out** (para fora). O tema do zoom hai que tratalo con coidado aínda que é un movemento óptico non deixa de ser un efecto visual esteticamente, hai que traballalo con coidado. Ao se tratar dun efecto visual (variación de distancia entre os lentes), pode cambiar/alterar a sensación de perspectiva.

Hai unha certa parte do cinema na que se puxo moi de moda isto do zoom, que envelleceu bastante mal porque hoxe nos resulta un pouco cantoso, o cal non quere dicir que houbese cineastas que sempre teñan empregado o zoom.

Un caso paradigmático é o de **Kubric,** non só emprega estes movementos físicos senón tamén estes movementos ópticos. Moitas veces se tira de zoom aposta para facer ese efecto cutre, as cámaras xa tiveron pronto un dispositivo o que permitía cambialo a distancia.

3)Hai un terceiro tipo de movementos que son unha combinación de ambos, dos movementos físicos e dos ópticos.

Cando falamos dun travelling compensado tamén nos referimos a un efecto vertixe ou un retrozoom, se vemos na literatura especializada estes términos son equivalentes. O nome máis usado é o **Travelling compensado.**

Un travelling compensando é cando compensamos un zoom retroceso, cun travelling de achegamento (ou ao revés). Movemos físicamente a cámara e ao mesmo tempo facemos un zoom. A súa función é a de procurar un efecto de vertixe, distorsión, malestar, alucinación e semellantes dependendo do filme

Hai un momento dado en "Vértigo" no que Hitchcock se plántea como transmitir visualmente desde un punto de vista obxectivo esa sensación de vertixe. Fixo un movemento en que realmente nas escaleiras do campanario sentiamos este vertixe. Chamou moito a atención naquel momento aquel recurso e Hitchcock tardou bastante en explicar como se fixera, explicou que este fora unha combinación dun efecto óptico cun físico.

Ese efecto chamou moito a atención estamos nos años 50 pero quedou aquí non o empregaron máis.

Anos despois houbo outro cineasta que recorreu a este e aquí sáltanos bastantes anos ata os 80 que Spielberg en "Tiburón" e podemos dicir aquí que se democratiza ese efecto. Volve chamar a atención que esta película causou furor a nivel mundial, es este efecto que recupera Spielberg tamén pasou a outros cineastas e por suposto ao mundo do vídeo clip.

Un dos personaxes que se incorpora ao guión e o Xérif é o único que realmente se vai a preocupar polo tema do tiburón e vai a atender ao que di o biólogo e se vaia a enfrontara as autoridades locais e turísticas que non queren saber nada do asunto. Esta moi vixilante de que poida pasar algo na praia. No momento no que este se decate deste ataque Spielberg vai tirar deste **travelling compensado.**

Música de **late motiv** asociada a este tiburón e vemos ese plano de tiburón atacando. Pasa a ser un recurso a partir de aquí un recursos moi empregado dáse unha sensación vertixinosa.

Ata aquí os tipos de movementos físicos e ópticos e unha combinación de ambos.

Podemos definir os movementos non tanto na utilización da cámara en si como **o que indican ou o que queren expresar e indicar**. Este caso vano a seguir a teoría proposta por Marcel Martin alá polos anos 60. Publicou un libro titulado "El lenguaje del cine". A edición que hai en español foi unha edición dos anos 90.

Nesta obra fala de que no cinema podemos entender dous tipos de movementos os **movementos descritivos e os dramatúrxicos**.

Os descritivos serían aqueles nos que a cámara segue, acompaña a un ou a varios personaxes que a súa vez se moven e vamso cun travelling lateral que acompaña; ou describe un espazo ou unha situación no discorrer dramático; ou cando dota de vida, de movemento a unha figura ou obxecto que permañecen estáticos.; ou ben porque queremos amosar unha paisaxe e facemos unha longa panorámica. Queremos ensinar o sitio ou ben acompañamos os personaxes na situación ou movemento.

Os dramatúrxicos, teñen outra intencionalidade. Cando a cámara mediante a planificación e composición de movementos, expresa o estado de ánimo do personaxe; ou ben o seu particular punto de vista(subxectivo); ou ben cando define claramente unha relación entre dous personaxes ou entre el e o lugar onde se desenvolve a acción.

En moitas ocasións conviven nunha mesma secuencia ambos tipos de movementos.

Vamos a ver unha serie de exemplos que combinan nos fragmentos ambos tipos de movemento descritivos e dramatúrxicos. Isto tamén nos vai servir para outra cousa que é constatar que independentemente de que reparemos na cineasta, no xénero, na época ou no pais a nivel lingüístico isto só resulta operativo.

Vamos a comezar cun filme fundacional da Nouvelle Vague. Esta Nouvelle Vague pon en marcha todos eses cines que van fundar o cine moderno estamos falando doa ano 59, as novas películas que inauguran esta nova onda son "Los 400 golpes" e "Al final de la escapada".

A primeira cuestión do cine moderno. Saímos do estudio e estamos nas rúas de París e temos a presentación dun actor neste caso aínda cativo que vai interpretar a un personaxe que vai ser o protagonista Antuan Duales este vive nunha familia disfuncional. Vai dar tombos de aquí para alá e un amigo tamén da súa idade, fai referencia xa ao titulo do cine xa pensa que vai dando tombos na vida daquela maneira ten problemas no colexio cun profesorado que non o entende que se dedican a castigalo

e fará unha serie de travesuras e ao final remata no que se coñece como reformatorio tamén da tombos por varios e ao final remata nun centro da costa bretona e aquí se vai a desenvolver esta parte do filme porque vai a poñelo en relación co gran solo que é ver o mar e como sabe que o centro esta moi preto do mar.

Aquí a cámara rota a esquerda fai panorámica e segue rotando hai unha serei de panorámicas que seguen o xogo. Estes son movementos descritivos estase producindo unha acción e a cámara está seguida. Temos un movemento de rotación. No partido vemos unha panorámica de novo e esta que nun momento dado vemos que a panorámica o colle aí antes de liscar, cando unha panorámica se realizaba rapidamente isto e un barrido. Veremos como logra despistalo e aí empeza un longuísimo plano secuencia que vai acompaño a Antuan vai na súa carreira cara o mar.

Vamos a acompañala nesa carreira cara o mar. Trufou silencia a música da banda sonora so escoitamos as súas pisadas os sons da follaxe vémolo, en contrapicado engrandecido como personaxe e a cámara aquí non simplemente acompaña a carreira nos imos acompañando na mesma hai unha infinidade, trufaut non interfire con música a cámara como vemos ese longuísimo travelling vai se ir un pouco por diante. Logo vemos cando Antuan chega a costa vemos unha longuísima panorámica case circular, que nos vai a amosar toda esta longuísima praia, non é simplemente descritiva esa visión do gran mar de Antuan ten finalmente e aí entro unha música a revelación e cando esta entra esta longuísima panorámica que nos vai a elevar un travelling con Antuan e aí vai corta e o recolle aquí viaxando finalmente cara as praias.

